



Preguntas frecuentes sobre as axudas PEL 2026

Índice

AXUDAS PEL 2026 – NORMAS COMÚNS.....	3
AXUDAS PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO 2026.....	6
AXUDAS PEL-AUTÓNOMOS/AS 2026.....	10
AXUDAS PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN 2026.....	14
AXUDAS PEL-PEMES MANTEMENTO 2026.....	20

AXUDAS PEL 2026 – NORMAS COMÚNS

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA:

<https://emprego.dacoruna.gal/axudas/>

Cal é o prazo para presentar as solicitudes?

O prazo de presentación das solicitudes indícase na respectiva convocatoria. Pódense presentar as solicitudes para as axudas PEL 2026 dentro do seguinte prazo:

- **Comezo:** 15 de novembro de 2025 ás 9:00 horas.
- **Peché:** 16 de decembro de 2025 ás 14:00 horas.

Como se presenta a solicitude?

A solicitude soamente poderase presentar de maneira telemática a través da plataforma **SUBTeL**: <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>

A persoa ou entidade **deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico de contacto** durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente e, de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación a través do apartado “*Documentación Adicional*” no expediente da plataforma SUBTeL ou a través do correo electrónico pel@dacoruna.gal.

A **tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento**: solicitude, concesión, xustificación, desistencia e renuncia, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e emenda de deficiencias, así como os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

É preciso certificado dixital para presentar a solicitude?

Si, é preciso dispor de certificado dixital para presentar a solicitude.

A documentación deberá ser asinada, tanto certificacións como declaracións, como se indica:

- No caso das **persoas físicas**: pola persoa autónoma ou ben polo seu representante legal autorizado/a.
- No caso das **persoas xurídicas**: polo/a administrador/a ou representante legal autorizado/a.

Que tipo de procedemento se segue para conceder estas axudas?

O procedemento de concesión da subvención tramitarase en **réxime de concorrencia competitiva**.

Esto significa que se realizará unha **comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación** entre as mesmas **de acordo cos criterios de valoración** previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria. Así, adxudicarase, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan maior valoración segundo ás táboas de puntuación.

Os criterios de valoración das solicitudes poden consultarse na *Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión* das respectivas bases específicas.

Importa o día e hora no que presente a miña solicitude?

Todas as solicitudes recibidas dentro do prazo establecido na convocatoria e que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras, serán **puntuadas conforme aos criterios de valoración** establecidos na *Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión* das respectivas bases específicas.

Esto significa que **a concesión non depende do momento de presentación da solicitude, sempre que estea dentro do prazo mencionado**; depende da obtención da maior valoración posible en comparación con outras solicitudes.

O día e hora de presentación da solicitude só se terá en conta no caso de producirse empate na puntuación mínima para obter a subvención. Así, no caso de solicitudes empatadas, primarán aquelas que se presentasen con anterioridade, sempre atendendo ao crédito dispoñible.

Son compatibles estas axudas con outras?

As subvencións PEL son compatibles entre si.

Compatibilidade con outras axudas da Deputación: As axudas PEL serán incompatibles con calquera outra axuda concedida por esta Deputación para o mesmo obxecto.

Compatibilidade con outras axudas públicas ou privadas:

- A axuda **PEL-Emprende Investimento** é **compatible** con calquera outra axuda pública ou privada **para financiar os mesmos conceptos**.
- A axuda **PEL-Autónomos/as** é **incompatible** con calquera outra axuda pública ou privada **para financiar os mesmos conceptos** subvencionados por esta convocatoria.
- A axuda **PEL-Pemes Creación e Ampliación** é **compatible** con calquera outra axuda pública ou privada **para financiar os mesmos conceptos**.
- A axuda **PEL-Pemes Mantemento** é **compatible** con calquera outra axuda pública ou privada **para financiar os mesmos conceptos**.

O importe que se perciba por cada subvención, illadamente ou en concorrencia con outros ingresos públicos ou privados obtidos para a mesma finalidade, non pode superar en ningún caso o custo da actividade ou proxecto subvencionado.

Estas axudas están suxeitas ao réxime de minimis?

Si, as axudas PEL están sometidas ó réxime de minimis, o que supón que as persoas ou entidades que obteñan máis de 300.000 € nun período de tres anos corridos non poderán ser beneficiarias destas axudas. No caso de que a súa actividade sexa exclusivamente gandeira ou agrícola este límite será de 50.000 €. No caso de adicarse á pesca o límite máximo é de 40.000 €.

Cal é o prazo de concesión destas axudas?

O **prazo máximo para resolver será de 9 meses** a contar desde o día de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A resolución de concesión é definitiva?

A concesión será definitiva. A Presidencia da Deputación ditará **resolución de concesión**, que será notificada aos/ás interesados/as mediante a **publicación no Boletín Oficial da Provincia** e conterá a relación dos/as solicitantes aos/ás que se lles concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes.

Quen é a persoa interesada e quen debe asinar?

A persoa interesada é sempre a que solicita a subvención e non a persoa que a representa. Se se designa representante, unha vez que achega o documento de representación asinado por ambas persoas, o/a representante pode asinar electronicamente o resto dos documentos e a propia solicitude.

No caso de que a persoa interesada non teña firma electrónica, pode firmar a autorización de representación de maneira manuscrita.

Como se valora o municipio?

O municipio que se terá en conta para estas axudas é o que consta no Certificado de Situación Censual como **domicilio fiscal**.

Nas liñas PEL Emprende Inversión e Autónom@s, debe ser un concello de menos de 10.000 habitantes, mentres que nas liñas PEL PEMES debe ser un concello de menos de 20.000 habitantes.

Todos os requisitos e criterios puntuables, desde que data se computan?

Todos os requisitos deben cumprirse **con data anterior á da publicación convocatoria**, é dicir, como límite o día anterior ao de publicación da convocatoria.

Que documentación debe acompañarse á solicitude?

A documentación que debe acompañar á solicitude está **relacionada no Anexo I** das bases reguladoras correspondentes á liña de axuda que se solicite.

AXUDAS PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO 2026

A quen van dirixidas estas axudas?

As axudas están dirixidas a pequenas e medianas empresas (pemes), microempresas e persoas autónomas que desenvolvan unha actividade económica con ánimo de lucro, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter domicilio fiscal e polo menos un centro de traballo* nun municipio da provincia da Coruña con menos de 10.000 habitantes.
- Con anterioridade á data de publicación da convocatoria:
 - Estar dado de alta nalgunha actividade empresarial.
 - No caso de autónomos, estar dados de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou noutro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualistas dun colexio profesional.
 - No caso de persoas xurídicas, estar inscritas no Rexistro Mercantil ou equivalente.

*Poderán acceder á subvención aqueles solicitantes que non dispoñan de centro de traballo sempre que conste no Certificado de Situación Censual que a actividade se desenvolve fóra dun local determinado ou non exista obriga legal de dispoñer de centro de traballo.

Que entidades se atopan excluídas destas axudas?

- Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outra unidade económica sen personalidade xurídica propia.
- Asociacións, persoas autónomas, colaboradoras, corporacións de dereito público, congregacións relixiosas e persoas autónomas societarias.
- Traballadores autónomos economicamente dependentes (TRADES).
- Entidades definidas como Gran Empresa pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Persoas socias ou accionistas dunha sociedade que xa solicitase a axuda.
- Empresas cuxa actividade principal sexa o alugueiro de bens inmobles sen contar con polo menos un empregado a xornada completa.

Cal é a finalidade destas axudas?

O obxectivo é contribuír á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia da Coruña con poboación inferior a 10.000 habitantes a través do **apoio ao investimento en bens inventariables**.

Cal é o importe da axuda?

Orzamento de gasto mínimo: 3.500 € (sen IVE)

Orzamento de gasto máximo: 25.000 € (sen IVE)

Subvención mínima: 2.450 €

Subvención máxima: 17.500 €

A axuda cubrirá ata o 70% do gasto subvencionable.

Que gastos son subvencionables?

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, aqueles gastos que **resulten estritamente necesarios** para o desenvolvemento da/s actividade/s dada/s de alta no Certificado de situación censual e que se atopen dentro dos seguintes códigos de concepto de gasto:

Conta	Descrición da conta
206	Aplicacións informáticas
213	Maquinaria
216	Mobiliario
217	Equipos para procesos de información

Que gastos non se financian?

Hai elementos que, aínda que podan contabilizarse nas contas subvencionables (206, 213, 216 e 217), están expresamente excluídos ou dependerá do sector para o que se soliciten.

Recoméndase ler detidamente o apartado das bases reguladoras: 4.2 *Consideracións respecto aos investimentos a solicitar*.

Que debe incluír a memoria?

A memoria que debe acompañar á solicitude debe indicar as contas contables seleccionadas e **detallar con precisión os bens a comprar**, xa que a unidade xestora debe comprobar que sexan subvencionables.

É posible unha modificación posterior dos bens inicialmente detallados, e a adquisición doutros bens, pero sempre que correspondan ás mesmas contas contables solicitadas e teñan relación directa coa actividade desenvolta. Neste caso, non hai que achegar ningunha documentación: unicamente **cando se xustifique, cando se presente a nova memoria, indicarse o motivo**.

Se ao modificar o investimento o gasto é superior ao orzamento indicado non hai repercusión no importe para aboar.

Que pasa se a inversión real é inferior á solicitada?

Se logo o investimento é menor do solicitado, aboaráselle a parte proporcional (70%) do gasto subvencionable, a condición de que este sexa superior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar.

Usos non permitidos dos bens subvencionados

Os bens non poden ser utilizados por terceiras persoas.

Se ademais de ser persoa autónoma, ten unha empresa, os bens non poden ser utilizados na empresa. Só poderán empregarse pola persoa (física ou xurídica) que resultou beneficiaria.

Podo incluír todas as facturas dos investimentos realizados?

Só se admitirán **cinco facturas máximo por concepto de gasto subvencionado** e os conceptos contables contidos nelas deben axustarse aos conceptos subvencionados ao amparo desta convocatoria.

Non obstante, as facturas que conteñan pagos recibidos con anterioridade á entrega do ben facturado, entenderanse como unha soa aos efectos desta limitación. Igual consideración terán aquelas facturas que forman parte dun mesmo pedido.

Non se admitirán facturas cuxo importe total sexa inferior a 100 euros.

Son subvencionables bens de segunda man?

NON. Deben tratarse de investimentos en elementos novos, directamente relacionados coa actividade, non suntuarios e con prezos adaptados aos prezos do mercado, non cedidos a terceiros, con ou sen contraprestación e que non sexan fabricados pola empresa solicitante nin por unha terceira vinculada á mesma, nin por socios/as, administradores/as, nin membros da Xunta de Directiva, ou ex-socios, ex-administradores ou ex-membros da Xunta Directiva durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento. Tampouco poderán ser utilizados para a venda ou calquera outro negocio xurídico.

Cal é o período subvencionable?

Os investimentos subvencionables serán aqueles realizados **entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026**. Os xustificantes de gasto terán que estar expedidos dentro do período sinalado.

No entanto, naqueles casos nos que os investimentos fosen realizados no final do período da convocatoria de subvencións, poderán admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que fosen expedidos ata o día 16 de xaneiro de 2027, sempre que demostre que o investimento realizouse dentro da anualidade 2026.

Que criterios de valoración se teñen en conta para puntuar a solicitude?

Todas as solicitudes recibidas dentro do prazo establecido na convocatoria e que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras serán **puntuadas conforme aos criterios de valoración** establecidos na *Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión*.

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un **Check-List de valoración** dispoñible en Subtel que marcará cada un dos/as solicitantes no momento de cubrir a solicitude.

Que forma de pago dos bens se admiten?

A persoa ou entidade beneficiaria deberá pagar as facturas, mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ou entidade ordenante (perceptora da subvención), a persoa/entidade beneficiaria (provedora do ben ou servizo, ou persoas traballadoras), o concepto, o importe e a data de pago. **En ningún caso se admitirá o pago en efectivo.**

No caso de que a persoa ou entidade beneficiaria da axuda pague unha parte da factura en efectivo será invalidada a totalidade do gasto.

Os xustificantes de gasto terán que estar expedidos no período sinalado, aínda que os pagos poderán realizarse como data límite ata a presentación da xustificación da axuda.

Cal é o prazo máximo de xustificación da axuda?

O prazo de xustificación da axuda PEL-Emprende Investimento rematará o día **31 de xaneiro de 2027**.

Ademais dos compromisos xerais, que compromisos específicos se existen nesta liña de axudas?

- Destinar os bens subvencionados ao fin concreto para o cal foi concedida a subvención por un **período mínimo de dous anos** desde a adquisición do ben (data expedición factura).
- Os bens que son adquiridos a través desta liña de axudas, deben ser destinados á actividade da entidade subvencionada **e non utilizados por terceiras entidades**.
- Dispoñer de todas as licencias, títulos habilitantes, comunicacións previas e/ou inscricións rexistradas que sexan preceptivas para o desenvolvemento das actividades que figuren dadas de alta no Certificado de Situación Censual.
- Comunicar a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTEL calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada sen que en ningún caso implique cambio en ningún criterio valorable, aumento do investimento, nin dos conceptos de gasto concedido xa que estes



considéranse vinculantes e non se poden modificar pois suporían un cambio de obxecto.

Que se entende por operacións vinculadas?

Considérase que existe vinculación coas persoas físicas e xurídicas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 68.2 do RD 887/2006 polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Inclúese como vinculación aos/ás ex-socios/as, ex-administradores/as ou ex-membros da Xunta Directiva durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento, sen prexuízo de que as bases específicas recollan as adaptacións necesarias de acordo co obxecto da subvención.

AXUDAS PEL-AUTÓNOMOS/AS 2026

A quen van dirixidas estas axudas?

Estas axudas **van dirixidas a persoas autónomas** que desenvolvan unha actividade profesional ou empresarial, e reúnan os seguintes **requisitos**:

- Ter o domicilio fiscal e como mínimo un centro de traballo nun municipio da provincia da Coruña de poboación inferior a 10.000 habitantes.
- Con anterioridade á data de publicación da convocatoria:
 - Estar de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou calquera outro réxime especial ou sistema especial por conta propia da Seguridade Social.
 - Estar de alta como titular dalgunha actividade profesional ou empresarial e constar recollida no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

*No caso de solicitar unicamente as cotas da Seguridade Social, poderán acceder á subvención aqueles solicitantes que non dispoñan de centro de traballo sempre que conste no Certificado de Situación Censual que a actividade se desenvolve fóra dun local determinado ou non exista obriga legal de dispoñer de centro de traballo.

Quen están excluídas destas axudas?

Exclúense destas axudas todas aquelas persoas autónomas que foron **beneficiarias da Axuda PEL Autónomos/as 2025** (que consten como tales na resolución de concesión, aínda que logo resultase perda).

Exclúense destas axudas as persoas autónomas **colaboradoras**, as **economicamente dependentes** (TRADES) reguladas na Lei 20/2007 do Estatuto do Traballador Autónomo, as **mutualistas de colexios profesionais** e as persoas autónomas **societarias**.

Para comprobar que se entende por cada concepto recoméndase ler detidamente o apartado das bases reguladoras: 5.2. *Exclusións*.

Que conceptos de gasto son subvencionables?

Terán a consideración de gastos subvencionables para as persoas autónomas, e **sempre que non reciban ningún tipo de axuda ou concepto similar** definido na base 5. *Compatibilidades e exclusións*, os seguintes:

- As cotas mensuais da Seguridade Social por conta propia correspondentes ao ano 2026.
- Os gastos mensuais correspondentes ao ano 2026 dos alugueiros de oficinas, baixos comerciais ou centros de traballo onde se leve a cabo unha actividade económica dada de alta no IAE.

As persoas solicitantes poderán solicitar a subvención **para ambos conceptos ou unicamente para un deles**, segundo as súas necesidades. Os gastos imputaranse ás seguintes contas contables:

Conta	Descrición da conta
642	Seguridade Social a cargo da Entidade
621	Alugueiros e cánones

Que gastos non son subvencionables?

No caso de solicitar a axuda para **cotas da Seguridade Social**, non serán subvencionables as cotas correspondentes a períodos de tempo inferiores a un mes natural, ben por alta inicial nun día distinto ao primeiro do mes ou porque parte da mensualidade non é asumida pola persoa autónoma, nin as cotas completas inferiores a 200 €.

No caso de solicitar a **axuda para aluguer** non serán subvencionables:

- As mensualidades por alugueiro correspondentes a períodos de tempo inferiores a un mes natural nin, en todo caso, as contías mensuais inferiores a 200 €.
- Os alugueiros de vivendas (aínda que a persoa autónoma desgrave parcialmente os gastos por traballar dende a casa), almacéns ou depósitos, garaxes, ou calquera outro inmovible que conste coma local indirectamente afecto á actividade económica no correspondente Certificado da AEAT.
- O Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).
- Os contratos de alugueiro con opción de compra ou calquera outro concepto, prima ou opción distinta do simple arrendamento.
- O pago de espazos de coworking ou calquera tipo de arrendamento dun espazo de traballo compartido.
- O pago de outros servizos ou gastos correntes coma luz, auga, internet, taxas públicas, IBI, seguro, etc. Tamén se exclúen as obras e os servizos prestados por terceiros distintos do propio alugueiro



Que necesito saber sobre a axuda por alugueiro?

- Non poden solicitar esta axuda as persoas beneficiarias por resolución de concesión na convocatoria 2025 de PEL-Autónomos/as.
- A persoa solicitante debe ter un **contrato por escrito** de arrendamento subscrito pola persoa autónoma titular da actividade económica, cunha **duración inicial ou prórroga igual ou superior a 1 ano**.
- A axuda quedará limitada a un **único local** en alugueiro.
- O local alugado debe estar situado nun concello da provincia da Coruña de **poboación inferior a 10.000 habitantes e figurar expresamente como local directamente afecto á actividade económica** dada de alta no IAE.
- **Non se admitirá o pago en metálico** do arrendamento, debendo constar acreditado o pagamento bancario.
- O **custo mínimo** do alugueiro ten que ser igual ou superior a 200 euros mensuais e o contrato ten que ter unha duración mínima de 1 ano.
- Pódense solicitar un **mínimo de 6 meses** de alugueiro e un **máximo de 12**.
- Se a mensualidade do alugueiro **supera os 500 €** pódese solicitar igualmente a axuda, só que esta non superará tal importe.
- O Imposto sobre o valor engadido (**IVE**) **non é obxecto** de subvención.
- Non son subvencionables alugueiros de locais que se destinen a outros usos ademais do de local de negocio, nin tampouco os que sexan compartidos.
- Se o alugueiro comprende outro tipo de gastos (luz, auga), debe terse en conta a contía sen os devanditos gastos.
- O importe máximo a solicitar pode ser:
 - Só as cotas da Seguridade Social: 2.400 euros.
 - Só alugueiro 6.000 euros.
 - Ambas contas 8.400 euros.
- Pódense pedir un número de mensualidades distintas para Seguridade Social e para alugueiro, sempre cun mínimo en ambas de 6 meses.

Cal é o importe e período o subvencionable?

Axuda para cotas sociais:

A axuda consistirá nunha **contía fixa de 200 €** por cada mes nos que se cumpran os requisitos **ata un máximo de 12 meses e un mínimo de 6 meses** correspondentes ao **período subvencionado 2026** conforme o seguinte cadro:

Contía máxima correspondente a 12 meses	2.400 €
--	---------



Contía correspondente a 11 meses	2.200 €
Contía correspondente a 10 meses	2.000 €
Contía correspondente a 9 meses	1.800 €
Contía correspondente a 8 meses	1.600 €
Contía correspondente a 7 meses	1.400 €
Contía mínima correspondente a 6 meses	1.200 €

Axuda para alugueiro:

A axuda consistirá nunha **contía fixa por mes**, equivalente ao prezo de alugueiro mensual efectivamente pagado pola persoa solicitante, IVE excluído. Esta axuda terá unha **contía mínima de 200 € e máxima de 500 €** por cada mes no que se cumpran os requisitos, dende un **mínimo de 6 meses ata un máximo de 12 meses**, consonte a seguinte fórmula:

Contía mensual alugueiro efectivamente pagada (igual ou superior a 200 € e que non exceda 500 €) x Número de mensualidades completas pagadas no ano 2026 (entre 6 e 12 mensualidades) = Contía da axuda

Que criterios de valoración específicos se teñen en conta?

Todas as solicitudes recibidas dentro do prazo establecido na convocatoria e que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras serán **puntuadas conforme aos criterios de valoración** establecidos na *Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión*.

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un **Check-List de valoración** dispoñible en Subtel que marcará cada un dos/as solicitantes no momento de cubrir a solicitude.

No caso desta axuda, o requisito para ser persoa beneficiaria é que o domicilio fiscal se atope nun municipio de menos de 10.000 habitantes. Isto é independente dos criterios de valoración, de forma que no caso de ter o domicilio nun municipio de entre 5.001 e 9.999 non se puntuaría neste concreto criterio, pero podería ser igualmente solicitante e beneficiario (no caso de acadar a puntuación e cumprir os restantes requisitos).

Cal é o prazo máximo de xustificación da axuda?

O prazo de xustificación da axuda **rematará o 31 de marzo de 2027**.

Ademais dos compromisos xerais, que obrigas e compromisos específicos se esixen nesta liña de axudas?

- As persoas autónomas beneficiarias desta liña deben estar de alta e manter a actividade económica de maneira ininterrompida como mínimo **ata o 31 de decembro de 2026** (non terá a consideración de interrupción os ceses de actividade que non den lugar a baixa).
- Comunicar a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTeL calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada sen que en ningún caso implique cambio en ningún criterio valorable, nin aumento do importe concedido.
- Dispoñer de todas as licencias, títulos habilitantes, comunicacións previas e/ou inscricións rexistradas que sexan preceptivas para o desenvolvemento das actividades dadas de alta.

AXUDAS PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN 2026

A quen van dirixidas estas axudas?

Estas axudas van dirixidas a **pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas**, promotoras de iniciativas empresariais que estean desenvolvendo unha actividade con ánimo de lucro e reúnan os seguintes requisitos:

- Ter o domicilio fiscal e como mínimo un centro de traballo* nun concello da provincia da Coruña con poboación inferior a 20.000 habitantes.
- Con anterioridade á data de publicación da convocatoria:
 - No caso de persoas autónomas, estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou como mutualista de colexio profesional.
 - No caso de persoas xurídicas, estar inscritos no Rexistro mercantil ou no Rexistro público correspondente.
 - Estar dado/a de alta nalgunha actividade empresarial e constar recollida no Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

*Poderán acceder á subvención aqueles solicitantes que non dispoñan de centro de traballo sempre que conste no Certificado de Situación Censual que a actividade se desenvolve fóra dun local determinado ou non exista obriga legal de dispoñer de centro de traballo.

Que entidades están excluídas destas axudas?

As agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carentes de personalidade xurídica propia.

As asociacións, autónomos colaboradores, os autónomos societarios, corporacións de dereito público (confrarías), e as congregacións relixiosas. Entendendo como autónomo societario, aqueles que están obrigados á alta no sistema especial de traballadores por conta propia, segundo o recollido no artigo 305 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, letras b), c), d) e e).

As persoas socias ou accionistas dunha sociedade non poderán solicitar subvención a nivel individual se xa a presentaron como parte da sociedade e posúen un 25% ou máis do capital social ou dos fondos propios da mesma, e viceversa; tampouco poderán presentarse sociedades distintas nas que exista coincidencia do 25% ou máis no capital social ou nos fondos propios.

As entidades definidas como Gran Empresa pola AEAT segundo o Certificado de situación censual da entidade.

As persoas autónomas economicamente dependentes (TRADES) reguladas na Lei 20/2007 do Estatuto do Traballador Autónomo.

Para ver todas as exclusións recoméndase ler a base 5.2. *Exclusións relativas ás persoas solicitantes*, así como a base 5.3. *Exclusións relativas á contratación*.

Que conceptos de gasto son subvencionables?

Subvencionaranse **os custos salariais e de Seguridade Social da contratación dun/dunha traballador/a a xornada completa ou parcial durante un período máximo de 12 meses dentro da anualidade 2026.**

Os conceptos de gastos subvencionables nesta liña de axudas son:

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan xeral de contabilidade
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade
649	Outros gastos sociais

Os gastos subvencionables comprenden **os soldos e salarios, as cotas á Seguridade Social**, así como **outros gastos sociais** relativos á Incapacidade Temporal (IT) e os derivados das situacións de descanso por nacemento, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade, exercicio corresponsable do coidado do menor ou da menor lactante, a cargo do empresariado.

Cal é o importe e o período subvencionable e a contía?

O período subvencionable comprenderá gastos salariais e de seguridade social das contratacións iniciadas na anualidade 2026 e que teñan unha duración mínima de 6 meses.

Subvencionaranse exclusivamente os meses da contratación incluídos dentro da anualidade 2026.

Cada empresa poderá solicitar a subvención para a contratación dun/unha traballador/a durante un período de 12 meses, durante os cales a subvención cubrirá como máximo o 60% dos custos salariais e de seguridade social da persoa traballadora. O contrato poderá ter unha duración superior a 12 meses, pero a subvención cubrirá unicamente os custos correspondentes aos meses do contrato incluídos dentro da anualidade 2026.

Importe estimado do orzamento de gastos	Mínimo: 1.666,67 € Máximo: 20.000 €
Importe da subvención a conceder	Mínimo: 1.000 € Máximo: 12.000 €
Importe máximo a solicitar	Ata o 60 % do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento	Como máximo do 0.60

A contía máxima da subvención a conceder será o 60% do orzamento de gastos co límite de 12.000 € para as contratacións a xornada completa ou a parte proporcional correspondente naquelas contratacións realizadas a xornadas parciais iguais ou superiores do 50% da xornada ordinaria.

O importe a solicitar será como máximo o correspondente á duración do contrato e o tipo de xornada da persoa a contratar segundo o seguinte:

Importe máximo a solicitar = [Número meses do contrato x 1.000 € x C.T.P.]*
O C.T.P. % - identifica o coeficiente de parcialidade sobre a xornada habitual.

*A subvención é dun máximo de 1.000 euros por mensualidade, tanto para salario como Seguridade Social. Se a contratación é a tempo parcial, esta cantidade debe multiplicarse polo coeficiente de xornada. Para calcular o devandito coeficiente hai que comprobar no CCC (Código de Conta de Cotización), na columna C.T.P. (Coeficiente de Tempo Parcial)

Que tipo de contrato debe realizarse e que xornada de traballo debe ter a persoa traballadora?

O contrato deberá realizarse nas modalidades contractuais previstas legalmente na normativa laboral.

En canto ao tipo de xornada, esta pode ser a xornada completa ou xornada parcial (dun mínimo do 50% da xornada ordinaria), é dicir, no caso de que o contrato sexa a tempo parcial a xornada sempre debe ser do 50% ou superior.

Que tipo de contratos están excluídos destas axudas?

- Os contratos **fixos-descontinuos**, os **contratos temporais de substitución** e os **contratos con xornada parcial inferiores ao 50% da xornada ordinaria**.
- As contratacións realizadas con traballadores/as que na anualidade 2025 ou 2026 prestasen servizos na mesma empresa ou “única empresa” mediante calquera clase de contrato (salvo contrato de formación ou convenio de prácticas).
- As **relacións laborais de carácter especial**.

Sí se admiten os contratos temporais de substitución nas situacións previstas na base 4.3.2: Nos supostos de que a persoa traballadora contratada e subvencionada incorra en incapacidade temporal por enfermidade ou accidente ou este en situación de descanso por nacemento, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade, exercicio corresponsable do coidado do menor ou da menor lactante.

A persoa traballadora non pode ter vinculación algunha coa empresa nos 6 meses anteriores, nin tampouco co grupo de empresas ao que esta pertenza: por tanto, se antes de ser SL (ou SC) foi autónomo/a e o que fai é trasladar aos seus traballadores dunha a outra, non é subvencionable.

Para ver todas as exclusións recoméndase ler a base 5.2. *Exclusións relativas ás persoas solicitantes*, así como a base 5.3. *Exclusións relativas á contratación*.

Que duración debe ter o contrato realizado coa persoa traballadora?

O contrato **deberá formalizarse por unha duración mínima de 6 meses**.

No caso dunha contratación realizada na segunda metade do ano 2026, o contrato de traballo deberá formalizarse por unha duración mínima de 6 meses, sendo subvencionables unicamente os gastos de 2026.

Que criterios de valoración se teñen en conta para puntuar a solicitude?

Todas as solicitudes recibidas dentro do prazo establecido na convocatoria e que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras serán **puntuadas conforme aos criterios de valoración** establecidos na *Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión*.

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un **Check-List de valoración** dispoñible en Subtel que marcará cada un dos/as solicitantes no momento de cubrir a solicitude.

Que forma de pago das nóminas e seguros sociais se admiten?

A entidade beneficiaria deberá pagar ás persoas traballadoras, mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a entidade ordenante (perceptora da subvención), a persoa/entidade beneficiaria (provedora do ben, servizo ou persoas traballadoras), o concepto, o importe e a data de pago, coas seguintes matizacións:

- O pago de parte dun gasto concreto en efectivo invalidará a totalidade dese gasto.
- Para os gastos que non excedan de 150 € admitiranse os pagamentos en metálico.

Cal é o prazo máximo de xustificación da axuda?

A persoa beneficiaria da axuda deberá xustificar a través da plataforma telemática SUBTeL os gastos relativos aos meses de contrato da anualidade 2026.

O prazo de xustificación comezará o 1 de xullo de 2026 e **finalizará o 28 de febreiro de 2027**.

No caso de que ao beneficiario se lle teña concedido un importe de subvención correspondente a un contrato a xornada completa e se comprobe na fase de xustificación de gastos que se realizou un contrato a xornada parcial reducirase o importe a pagar, adaptando o mesmo en función do número de horas semanais realizado.

Ademais dos compromisos xerais, que compromisos específicos se esixen nesta liña de axudas?

Os compromisos específicos a ter en conta son, entre outros, os seguintes:

- **Se a entidade/persoa foi beneficiaria desta axuda na convocatoria anterior PEL-Pemes Creación e Ampliación 2025, debe constar de alta no seu cadro de persoal o posto subvencionado nesa convocatoria durante todo o período subvencionado.** No caso de que a entidade/persoa beneficiaria renunciase á dita axuda ou se producira unha perda de dereito ao cobro, non se aplicará esta obriga. Tampouco se aplicará no suposto de falecemento do/a traballador/a, incapacidade laboral permanente ou pase á situación de pensionista.
- **Manter o nivel de emprego existente** na empresa beneficiaria.

Recoméndase ler detidamente a *Base 2.2. Ámbito temporal*

Que sucede se se produce a extinción da relación laboral co/coa traballador/a?

No suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, os/as beneficiarios/as poderán proceder a realizar **ata un máximo de dúas novas contratacións dentro da anualidade 2026** no caso de que se trate dunha por baixa voluntaria/dimisión do/a traballador/a, baixa por despido disciplinario individual, baixa por falecemento do/a traballador/a, baixa por pase á situación de pensionista, baixa por excedencia voluntaria, baixa por esgotamento de IT ou baixa por pase á situación de incapacidade permanente, baixa por excedencia maternal/cuidado de fillos, baixa por coidado de familiares, suspensión por violencia de xénero, baixa por non superar o período de proba, baixa por despido por causas obxectivas empresa, baixa por despido por causas obxectivas traballador/a.

Os/as beneficiarios/as incursos nos supostos excepcionais de extinción da relación laboral indicados no parágrafo anterior que procedan a realizar unha nova contratación, deberán achegar na xustificación da subvención a documentación relativa á baixa anterior e alta do/a novo/a traballador/a tal e como se recolle no *Anexo II. Documentación da xustificación*.

A/as nova/s contratación/s deberán formalizarse por un período mínimo de 6 meses, ou menor se se transforma o contrato temporal con duración menor a 6 meses en indefinido, dentro do período subvencionado.

En canto ao prazo para contratar á persoa traballadora substituta esta poderá comezar dentro do período de 1 mes antes da extinción da relación laboral anterior.

Recoméndase ler detidamente a base 4.3 *Supostos excepcionais*

Que sucede se a persoa traballadora contratada incorre en Incapacidade Temporal (IT) ou en situación de descanso por nacemento, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade, exercicio corresponsable do coidado do menor ou da menor lactante?

Neste caso poderase proceder a contratar a outro/a traballador/a para substituír temporalmente á persoa traballadora incurso nestes supostos, sempre que a substitución se realice na anualidade de 2026.

Os gastos de ambas persoas traballadoras (os da traballadora substituta e os gastos da traballadora incurso nestes supostos) poderán ser imputados na xustificación de gastos que presente a persoa ou entidade beneficiaria.

Recoméndase ler detidamente a base 4.3 *Supostos excepcionais*

AXUDAS PEL-PEMES MANTEMENTO 2026

A quen van dirixidas estas axudas?

Estas axudas ao mantemento do cadro de persoal van dirixidas a pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas, **beneficiarias da subvención PEL-Pemes Creación e Ampliación 2025**, que realizaron a **contratación de maneira indefinida inicialmente ou foi transformada a indefinida con carácter previo á presentación da solicitude de axudas PEL-Pemes Mantemento 2026** e que con anterioridade á data de publicación desta convocatoria, **manteñen os mesmos requisitos** establecidos na convocatoria PEL-Pemes Creación e Ampliación 2025.

Que conceptos de gasto son subvencionables?

Subvencionaranse os **custos de mantemento no ano 2026 do posto de traballo subvencionado a través da convocatoria PEL-Pemes Creación e Ampliación 2025**, que foi creado inicialmente como indefinido ou transformado a indefinido con carácter previo á presentación da solicitude de PEL-Pemes Mantemento 2026.

Os conceptos de gasto subvencionables son:

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan xeral de contabilidade
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade
649	Outros gastos sociais

Os gastos subvencionables comprenden os **soldos e salarios**, as cotas á **Seguridade Social**, así como **outros gastos sociais** relativos á prestación por Incapacidade Temporal (IT) ou en situación de descanso por nacemento, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou en suspensión por paternidade, exercicio corresponsable do/a menor lactante, a cargo do empresariado.

Cal é o importe e o período subvencionable?

O período máximo subvencionable será de **12 meses (de xaneiro a decembro de 2026)**, polo que se subvencionarán exclusivamente os gastos salariais e de seguridade social a cargo da entidade correspondente aos meses do **mantemento da contratación durante os 12 meses incluídos dentro da anualidade 2026**.

Cada empresa poderá solicitar a subvención para o mantemento do posto de traballo indefinido durante un período de 12 meses na anualidade 2026, por un importe máximo do 50% dos custes estimados do mantemento da contratación.

A contía máxima da subvención a conceder será o **50%** dos custes estimados do mantemento da contratación co seguinte límite:

Importe do orzamento de gastos	Mínimo: 2.000 € Máximo: 22.000 € (colectivo vulnerable) 20.000 € (colectivo non vulnerable)
Importe da subvención a conceder	Mantemento dun contrato indefinido a xornada completa no que a persoa contratada pertenza a algún dos colectivos vulnerables (inscrito como desempleado de longa duración nos Servizos Públicos de Emprego, muller, menor de 30 anos, maior de 45 anos ou persoa con diversidade funcional): Mínimo: 1.000 € Máximo: 11.000 €
	Mantemento dun contrato indefinido a xornada completa: Mínimo: 1.000 € Máximo: 10.000 €
Importe máximo a solicitar	Ata o 50 % do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento	Como máximo do 0.50

A contía máxima da subvención a conceder será o **50% dos custos estimados de contratación cos límites de 11.000 € (colectivo vulnerable) e 10.000 € (colectivo non vulnerable)** para as contratacións a xornada completa ou a parte proporcional correspondente naquelas contratacións realizadas a tempo parcial iguais ou superiores do 50% da xornada ordinaria.

No caso de que se conceda ao beneficiario o importe máximo de 11.000 euros polo mantemento dun contrato indefinido a xornada completa dun traballador de colectivo vulnerable e durante a fase de xustificación a unidade xestora da axuda comprobase que finalmente non realizou o mantemento nesa modalidade o importe a pagar se reducirá a 10.000 euros ou proporcionalmente en función do tipo de xornada (parcial ou completa). En todo caso non se incrementará o importe da contía concedida.

Que criterios de valoración se teñen en conta para puntuar a solicitude?

Todas as solicitudes recibidas dentro do prazo establecido na convocatoria e que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras serán **puntuadas conforme aos criterios de valoración** establecidos na *Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión*.

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un **Check-List de valoración** dispoñible en Subtel que marcará cada un dos/as solicitantes no momento de cubrir a solicitude.

Cal é o prazo máximo de xustificación da axuda?

Unha vez transcorrido o período subvencionable, a persoa beneficiaria disporá dun prazo de xustificación, que será **ata o 28 de febreiro de 2027**.

A subvención concedida farase efectiva tras a presentación desta xustificación de gastos e unha vez acreditados o cumprimento dos requisitos e a consecución dos obxectivos previstos na concesión.

Que forma de pago das nóminas e seguros sociais se admiten?

A entidade beneficiaria deberá pagar ás persoas traballadoras, mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a entidade ordenante (perceptora da subvención), a persoa/entidade beneficiaria (provedora do ben, servizo ou persoas traballadoras), o concepto, o importe e a data de pago, coas seguintes matizacións:

- O pago de parte dun gasto concreto en efectivo invalidará a totalidade dese gasto.
- Para os gastos que non excedan de 150 € admitiranse os pagamentos en metálico.

No caso de que á persoa beneficiaria se lle teña concedido un importe de subvención correspondente a un contrato a xornada completa e se comprobe na fase de xustificación de gastos que se realizou un contrato a xornada parcial reducirase o importe a pagar, adaptando o mesmo en función do número de horas semanais realizado.

Ademais dos compromisos xerais, que compromisos específicos se existen nesta liña de axudas?

Os compromisos específicos a ter en conta son, entre outros, os seguintes:

- **Manter o nivel de emprego existente** na empresa beneficiaria, desde a data de finalización do período subvencionado en PEL-Pemes Creación e Ampliación 2025 e durante todo o período subvencionado 2026. Para tal efecto enténdese que cumpre coa obriga de mantemento cando o número de traballadores da empresa na data de finalización do período subvencionado PEL-PEMES Mantemento 2026 sexa igual ao existente na finalización do período subvencionado da convocatoria PEL-Pemes Creación e Ampliación 2025.

Recoméndase ler detidamente a Base 7.1 *Compromisos e obrigas específicos*.

Que sucede se se produce a extinción da relación laboral da persoa traballadora?

No suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, as persoas beneficiarias poderán proceder a realizar

ata un **máximo de unha nova contratación dentro da anualidade 2026** no caso de que se trate dunha baixa voluntaria/dimisión do/a traballador/a, baixa por despido disciplinario individual, baixa por falecemento do/a traballador/a, baixa por pase á situación de pensionista, baixa por excedencia voluntaria, baixa por esgotamento de IT ou baixa por pase á situación de incapacidade permanente, baixa por excedencia maternal/cuidado de fillos, baixa por coidado de familiares, baixa por despido colectivo, suspensión por violencia de xénero, baixa por non superar o período de proba, baixa por despido por causas obxectivas empresa, baixa por despido por causas obxectivas traballador/a.

As persoas beneficiarias incursas nos supostos excepcionais de extinción da relación laboral que procedan a realizar unha nova contratación deberán achegar na xustificación da subvención a documentación relativa á baixa da anterior persoa traballadora, tal e como se recolle no *Anexo II. Documentación da xustificación*.

A nova contratación deberá cumprir os mesmos requisitos que a persoa contratada inicialmente.

En canto ao prazo para contratar á persoa traballadora substituta, esta poderá comezar durante o período máximo de 1 mes antes da extinción da relación laboral anterior.

Que sucede se a persoa traballadora incorre en Incapacidade Temporal (IT) ou en situación de descanso por nacemento, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade, exercicio corresponsable do coidado do/a menor lactante?

No caso de que a persoa traballadora incorra en incapacidade temporal por enfermidade, accidente ou estea en situación de descanso por nacemento, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade, exercicio corresponsable do coidado do menor ou da menor lactante a persoa beneficiaria poderá proceder a contratar outra persoa traballadora para substituír temporalmente á persoa traballadora incurso neses supostos e sempre que a substitución se realice na anualidade 2026.

Os gastos de ambas persoas traballadoras (os da persoa traballadora substituta e os gastos da persoa traballadora incurso en nestes supostos) poderán ser imputados na xustificación de gastos que presente a entidade beneficiaria.

Para poder acreditar estas situacións, o beneficiario deberá achegar a documentación recollida no *Anexo II. Documentación da xustificación*.



CONTACTO:

Plan de Emprego Local

Teléfono: 981 415 509

Email: pel@dacoruna.gal

Máis información: <https://emprego.dacoruna.gal/axudas/>